

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE ENCOMENDA Á SOCIEDADE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA- XESTUR S.A. A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE DIFUSIÓN DAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) E DE INFORMACIÓN E APOIO TÉCNICO NA TRAMITACIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDAS XESTIONADOS POLO IGVS, NO ÁMBITO DA ARI DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.**

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O 17 de decembro de 2010, en acordo da Comisión Bilateral de Vivenda procedeuse á declaración de ARI dos Camiños de Santiago. A delimitación da ARI comprende o trazado das setes rutas do camiño en Galicia:

Francés. Dende Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela

Da Prata I. Dende A Mezquita ou Verín ata Ourense

Da Prata II. Dende Ourense ata Santiago de Compostela

Inglés. Dende Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela

Primitivo. Dende A Fonsagrada ata Melide que conecta co Camiño Francés

Norte. Dende Ribadeo ata Arzúa que conecta co Camiño Francés

Fisterra-Muxía. Dende Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía

Portugués. Dende Tui a Santiago de Compostela

En total son 445 parroquias de 107 concellos distintos os que se poden beneficiar das axudas desta ARI. Nos concellos rurais as axudas son aplicables na totalidade da parroquia pola que transcorren as rotas do Camiño de Santiago, mentres que nas zonas urbanas a ARI límitase á traza do Camiño.

Ao ser un ámbito diferente ao das outras ARIS xa declaradas e comprender un número amplo de concellos, concreouse a declaración, considerando, dentro do ámbito de actuación a os efectos de rehabilitación de vivendas, edificios de vivendas e actuacións de urbanización, a todas as vivendas incluídas nas parroquias polas que discorren os diferentes camiños, coas seguintes excepcións:

- 1.- Non se inclúen as vivendas que figuren dentro dos ámbitos definidos por un ARI xa declarada.
- 2.- Nas conexións coas cidades e pobos importantes delimitarase o ámbito exclusivamente ao trazado do camiño.

**Segundo.-** No acordo da Comisión Bilateral do 17 de decembro de 2010 especificouse que no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, a xestión das actuacións e as posibles axudas por parte do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia, serían xestionadas directamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), ao abeiro de acordos específicos de financiamento que se asinasen nas comisións bilaterais de vivenda, cifrándose o número de vivendas susceptibles de intervencións rehabilitadoras en máis de 100.000.

Ao abeiro do Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, polo que prorrogou o Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, asinouse o 31 de xullo de 2017 o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia para a execución da prórroga do antedito Plan estatal 2013-2016. A cláusula cuarta do citado Convenio establece o financiamento previsto para os distintos programas que se aplicarán na Comunidade Autónoma. Dita distribución modificouse por acordo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan estatal, de 1 de agosto de 2017, de conformidade co sinalado no artigo 5.3 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

O 26 de outubro de 2017 asinouse co Ministerio de Fomento o acordo específico de financiamento para esta ARI, con cargo ao programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal 2013-2016, por importe de 2.122.434,45 €, que se destinarán a incentivar, mediante a concesión de



axudas, as actuacións de rehabilitación no ámbito desta ARI. No acordo sexto establécese que *“especificamente, a Comunidade Autónoma de Galicia, dadas as peculiaridades do ámbito desta área, asume o compromiso de difundir entre os concellos polos que recorren os Camiños de Santiago, o presente acordo e as actuacións que se realicen na súa execución”*.

Para poder obter o financiamento específico con cargo a este programa de axudas, o IGVS procedería a realizar unha convocatoria pública para actuacións de rehabilitación de vivendas.

**Terceiro.-** O programa de ARI está plenamente implantado en Galicia dende o ano 1996 e considérase fundamental a súa difusión para fomentar a declaración de novas áreas como instrumento clave para as actuacións de rehabilitación. Este programa regúlase no artigo 95 da Lei 8/2012, do 29 de xuño e no Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016 e está previsto no Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, concretamente no Programa 3: Áreas de Rehabilitación Integral do Eixo 2: Rehabilitación de vivendas e renovación urbana.

A Comunidade Autónoma ten especial interese en priorizar o fomento do papel das ARI, no marco do programa de rexeneración e renovación urbanas, polo que no ano 2015 asináronse 80 convenios específicos de financiamento de actuacións en ARI declaradas e neste ano 2017 asináronse outros 51 convenios específicos de financiamento de actuacións en ARI declaradas, aos que se xunta a importancia da promoción e defensa da rehabilitación das vivendas sitas no ámbito polo que transcorre o Camiño de Santiago.

O IGVS considera de especial importancia levar a cabo unha adecuada xestión desta ARI xa que, debido a súa dispersión e dado que afecta a 107 concellos da Comunidade Autónoma, reviste unha especial complexidade. Deste xeito, é necesario orientar a súa implantación cunha vocación de permanencia no tempo e co obxecto de crear nos habitantes das zonas polas que pasan os diferentes camiños unha *“cultura de Rehabilitación”*, de forma que acaben interiorizando as vantaxes de conservar o seu patrimonio, tanto dende o punto de vista da recuperación da paisaxe residencial edificada, da sustentabilidade territorial, da mellora das condicións de vida dos ocupantes das vivendas, como dende o impulso da actividade económica e da creación de emprego. Ademais e dado que gran parte dos concellos afectados están situados no interior de Galicia, estas actuacións supoñen tamén unha medida de reequilibrio territorial.

Neste marco, o IGVS creou un programa específico para o desenvolvemento das actuacións de rehabilitación de vivendas vinculadas aos Camiños de Santiago.

Con esta finalidade, o 19 de xaneiro de 2016 o Director Xeral do IGVS aprobou encomendar á sociedade Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A. a realización dos traballos de difusión das ARIs e de información e apoio técnico na tramitación dos programas de axudas xestionados polo IGVS, no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, cun prazo de duración ata o 31 de decembro de 2016, prorrogado ata o 31 de decembro de 2017.

**Cuarto.-** O 26 de outubro de 2017, asinouse co Ministerio de Fomento o acordo específico de financiamento para esta ARI dos Camiños de Santiago, 4ª fase, nas Provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para financiar durante a anualidade 2018 actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas con cargo á prórroga do Plan estatal 2013-2016, con cargo ao programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas da prórroga do Plan estatal 2013-2016, por importe de 2.122.434,45 €, que se destinarán a incentivar, mediante a concesión de axudas, as actuacións de rehabilitación no ámbito desta ARI. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu o compromiso de difundir entre os concellos polos que recorren os Camiños de Santiago o presente acordo e as actuacións que se realicen na súa execución.

Dada a necesidade de continuar a realizar na anualidade 2018 unha adecuada difusión destas axudas e dada a prórroga referida na anualidade 2018 do Plan estatal 2013-2016, resulta procedente realizar

unha encomenda de xestión na sociedade Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A. nos seguintes ámbitos:

1. Difusión da figura da ARI. Este ámbito comprenderá as seguintes actuacións:

- Realizar traballos de difusión desta figura e da súa relevancia nas políticas de rehabilitación dos edificios e da urbanización e reurbanización dos espazos públicos, podendo realizar as xestións de difusión nos medios de comunicación que considere convenientes baixo as directrices e supervisión do IGVS segundo o plan de medios vixente, así como o mantemento e actualización da páxina web dedicada integramente ás ARI en Galicia.

- Informar, en coordinación e baixo as directrices do IGVS, aos concellos da importancia desta figura, dos trámites necesarios para a súa declaración e das condicións para acceder ao financiamento previsto nos programas de axudas para as ARI xestionados polo IGVS.

2. Programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago. Este ámbito comprenderá as seguintes actuacións:

- Prestar asistencia e asesoramento nos puntos de atención deste ARI nas que se difunda este programa, así como na xestión das axudas que se convoquen polo IGVS.

- Emitir os informes que lle sexan solicitados polo IGVS respecto á inclusión das vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago.

- Realizar as funcións de apoio ás oficinas técnicas do IGVS que lle sexan encargadas polo organismo.

- Realizar funcións de coordinación cos servizos municipais, poñendo especial incidencia na difusión da ARI a fin de que se dea o maior coñecemento da súa existencia entre os concellos dos Camiños de Santiago.

- Actuar como portelo de información e xestión sobre as axudas de ARI e doutras actuacións en materia de rehabilitación.

- Organizar charlas divulgativas para os potenciais beneficiarios, xornadas técnicas para o persoal dos concellos afectados, exposicións itinerantes con exemplos do resultado das actuacións de rehabilitación e incluso con información sobre os investimentos necesarios para conseguir un resultado adecuado, co obxecto de demostrar que con poucas contías se poden obter melloras importantes.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeiro.-** O IGVS é un organismo autónomo encargado no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia da realización das políticas de solo, adscrito a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril.

O IGVS non dispón de medios suficientes para realizar a difusión de todas as ARI existentes para fomentar a declaración de novas ARI e xestionar integramente as actuacións na ARI dos Camiños de Santiago, ao non dispor dunha oficina de rehabilitación específica, polo que considera necesario a encomendar a Xestur os traballos de difusión das ARI e de información e apoio técnico na tramitación dos programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, de acordo co disposto nos artigos 7, 8 e 13 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, dado que dita sociedade dispón da estrutura e servizos técnicos suficientes para responsabilizarse da organización e xestión dos traballos encomendados.

**Segundo.-** A sociedade Xestión do Solo de Galicia- Xestur S.A. é unha sociedade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e tutelada polo IGVS, que ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1 dos estatutos sociais de Xestur establece, no seu apartado 3º) que a sociedade terá a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que



teñan a consideración de medios propios. O encargo instrumentarase a través da correspondente encomenda de xestión nos termos establecidos no artigo 50 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**Terceiro.-** O artigo 13.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, dispón que as encomendas de xestión en virtude das cales se lle encargue a unha entidade, que conforme o sinalado na Lei de Administración xeral e do sector público de Galicia teña o carácter de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, a realización dunha determinada prestación a cambio dunha tarifa suxeitaranse ao establecido nos artigos 47 e seguintes da indicada lei.

Estas encomendas, cando teñan un importe que se encontre dentro dos límites establecidos na lexislación de contratos do sector público para os contratos menores, non precisarán de formalización por escrito, sen prexuízo da constancia no expediente de encomenda, se é o caso, da autorización ou do traslado previsto no artigo 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**Cuarto.-** O artigo 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia regula o control dos medios propios e servizos técnicos establecendo que a consellería ou departamento ao que estea adscrita a entidade, ou que teña atribuída a súa tutela funcional, poderá ditar instrucións sobre a forma de realización dos encargos, supervisará a súa realización e determinará as prioridades de actuación do medio propio na súa realización, para o cal deberá dársele traslado das encomendas efectuadas. En particular, cando as encomendas sexan efectuadas por outros medios propios da Administración da Comunidade Autónoma que non estean baixo a tutela funcional da consellería ou departamento ou adscritos a estes, deberá autorizalas previamente.

**Quinto.-** A encomenda de xestión obxecto desta resolución non suporá cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio e será responsabilidade do IGVS ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte á concreta actividade material obxecto da encomenda, así como emitir as directrices que estime oportunas para a realización dos traballos.

**Sexto.-** O artigo 4.1 n) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, establece que están excluídos da lei os negocios xurídicos na virtude dos cales se encargue a unha entidade que, conforme ao sinalado no artigo 24.6, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico de este, a realización dunha determinada prestación.

**Sétimo.-** A encomenda terá carácter gratuito; non obstante, o IGVS pagará a Xestur, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.99 dos seus orzamentos para o ano 2108, os gastos que lle ocasione a súa execución e que se estiman en 160.000,00€, segundo a seguinte distribución:

TRABALLO	IMPORTE
Mantemento e actualización de Web	2.000,00 €
Xornadas, exposicións, charlas informativas e publicidade, incluíndo todos os medios auxiliares necesarios para a realización destas actividades	33.000,00€
Asesoramento e Coordinación das actuacións de difusión	60.000,00 €
Apoio Técnico na tramitación dos programas de axudas da ARI dos Camiños de Santiago e coordinación dos servizos técnicos municipais	60.000,00 €
Outros gastos de Información (telefonía, desprazamentos, dietas, etc)	5.000,00 €
<b>Total</b>	<b>160.000,00 €</b>

O IGVS efectuará os citados pagamentos, previa remisión da documentación xustificativa do gasto realizado, acompañando a correspondente factura.

De conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e



Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, o expediente da encomenda tramitase coma anticipado de gasto, xa que segundo o Proxecto da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, no orzamento de gastos do IGVS para a ano 2018, no Concepto 227, *Traballos realizados por outras empresas*, o Subconcepto 99, *Outros*, consta un crédito inicial de 500.000,00€, polo que existe crédito adecuado e suficiente na anualidade 2018 para asumir as obrigas económicas derivadas da encomenda.

**Oitavo.-** A presente encomenda terá como prazo de duración ata o 31 de decembro de 2018, podendo proceder á súa prórroga antes da súa finalización, por un período de un ano, en canto que o proxecto de Real decreto, no que se regula o vindeiro Plan estatal 2018-2021, prevé na súa disposición adicional terceira unha ampliación do prazo para a execución das actuacións do programa de rexeneración e renovación urbanas, no que se inclúe a ARI dos Camiños de Santiago, ata o 31 de decembro de 2019. Así mesmo, cando por razóns de oportunidade debidamente acreditadas no expediente así o aconsellen, poderá procederse á finalización anticipada da encomenda.

En base ao que antecede, vista a Memoria xustificativa da Secretaria Xeral do IGVS, de 7 de novembro de 2017, e en virtude das competencias conferidas polo artigo 12.2 k) do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS,

### RESOLVO

Encomendar a Xestur a realización dos traballos de difusión das ARI e de información e apoio técnico na tramitación dos programas de axudas xestionados polo IGVS no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, que se especifican no antecedente cuarto desta resolución, dada a insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o IGVS para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer, cun prazo de duración ata o 31 de decembro de 2018.

A encomenda terá carácter gratuíto; non obstante, o IGVS pagará a Xestur, con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.227.99 dos seus orzamentos para o ano 2108, os gastos que lle ocasione a súa execución e que se estiman en 160.000,00€, conforme á distribución descrita no considerando sétimo.

Documento asinado electronicamente

O Director Xeral do IGVS

